



## Concello de Oza-Cesuras

### RESOLUCIÓN DO ALCALDE

#### ANTECEDENTES:

O Concello de Oza-Cesuras está a realizar o proceso de selección para a contratación laboral temporal da persoa que durante 9 meses cubrirá a xornada completa **a praza de oficial forestal** do cadro de persoal para o programa do fomento de emprego no medio rural (APROL RURAL) da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para “Traballos de silvicultura, limpeza, desbroce e valorización forestal de pistas, masas e espazos públicos 2024”

No apartado 5 das Bases que han de rexer para a dita provisión establécese que rematado o prazo de presentación de instancias dictarase resolución declarando aprobada a listaxe de admitidos e excluídos, resolución se publicará no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web do concello, e que deberá conter a composición nominal do órgano ou tribunal seleccionador, integrado por catro persoas, tanto titulares como suplentes que se encargará de levar a cabo o proceso selectivo e o lugar, **data** e hora de comezo dos exercicios e, de ser o caso, a orde de actuación dos aspirantes.

Que o día 16/05/2024 ditouse resolución aprobando listaxes de admitidos e excluídos no proceso selectivo anteriormente indicado.

Detectado erro material na data de realización do proceso selectivo para o posto de oficial forestal.

Considerando que se verificou o erro material, e que as Administracións Públicas poden, en calquer momento, rectificar de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Vistos os antecedentes mencionados e o preceptuado no artigo 109.2 da lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común.

En base ás atribucións que me confire a normativa vixente en materia de réxime local, resolvín:

Fixar as seguintes datas para a realización do proceso selectivo:

**Primeiro.**-A rectificación do erro material detectado do seguinte xeito:

Onde dí:

**24 de maio de 2024**

Debe dicir

**23 de maio de 2024**





## Concello de Oza-Cesuras

---

**Segundo.**-Dar conta desta Resolución ao Pleno do Concello na primeira sesión que se celebre

Oza-Cesuras, na/s data/s da/s sinatura/s electrónica.

**O ALCALDE,**

**Asdo.- J. Pablo González Cacheiro**

**Dou fe,**

**O SECRETARIO,**

**Asdo.- José C. Sánchez Presedo**

